

**COMISIÓN ACADÉMICA DO MÁSTER EN  
VALORACIÓN, XESTIÓN E PROTECCIÓN DO PATRIMONIO CULTURAL  
SESIÓN ORDINARIA DO 5 DE FEBREIRO DE 2015**

**A C T A**

Ás 18:00 horas do día indicado reúnense na sala común de e-meeting do máster os membros reseñados a continuación:

**Asistentes (6):**

Beatriz P. Comendador Rey, Álvaro Arízaga, Natalia Caparrini Marín, Cristina Montojo Santos, Mercedes Solla Carracelas e M<sup>a</sup> Beatriz Vaquero Díaz.

**Disculpan a súa asistencia (1):**

Belén Riveiro

**ORDE DO DÍA:**



**1.- Informe da presidenta.**

A coordinadora informa sobre os seguintes asuntos:

Publicación no BOE do título do mestrado .

Verificación por parte da ANECA do Programa de Doutoramento en Patrimonio Cultural. A coordinadora do Doutoramento iniciou xa os traballos de preparación para ofertalo o próximo curso e recibiu consultas de alumnado interesado en matricularse nel.

A coordinadora recibiu dúas propostas de establecemento de convenios marco para promover a colaboración educativa e mobilidade do profesorado e alumnado por parte de Josep Ligorred, coordinador da *Maestría en Conservación del Patrimonio Arquitectónico* da Universidade Autónoma de Yucatán, México (UADY) e a través do profesor Antón Lois Fernández Álvarez, do *Programa de Pós-graduação em Direito Constitucional* da Universidade Federal Fluminense (UFF) de Rio de Janeiro, Brasil.



A consecuencia da incidencia pola solicitude dun espazo de coordinación para o módulo 3, dende o Servizo de Teledocencia (foi dado de alta por un bolseiro, e informounos Sonia Álvarez, coordinadora do servizo), en diante a alta de espazos en FaiTic debe remitirse á coordinadora do mestrado, que remitirá a solicitude directamente a Sonia Álvarez, tal e como ela solicita.

Por último, suxire que sería convinte o envío ao alumnado dun anuncio sobre a aprobación de TFMs nunha CAM no mes de marzo, para comezar o rexistro dos traballos.

## **2.- Aprobación se procede das actas das sesións do 23/10/2014 e do 27/11/2014.**

Apróbanse por asentemento as actas das sesións do 23/10/2014 e do 27/11/2014.

## **3. Prácticas Académicas Externas.**

### **a) Informe da coordinadora de prácticas.**

A coordinadora informa sobre o estado da sinatura de convenios de colaboración educativa, as solicitudes de convalidación de prácticas e de asignación de centros, e os primeiros contactos entre os titores das entidades colaboradoras e aos estudantes (ANEXOS 1, 2, 3).

### **b) Aprobación se procede das solicitudes de convalidación de prácticas.**



Apróbanse por asentemento as solicitudes de convalidación de prácticas (ANEXO 2).

### **c) Aprobación se procede da lista provisional de asignación de centro de prácticas a estudantes do mestrado no curso 2014/2015.**

A coordinadora de prácticas informa que o alumno David Holguera renuncia por motivos persoais a realizar as prácticas no Laboratorio de Microscopía Electrónica do CACTI durante o curso 2014/2015 (renuncia comunicada á coordinadora nunha titoría realizada o 05/02/2015 ás 16:30).

Apróbanse por asentemento a lista provisional de asignación de centro de prácticas unha vez introducido o cambio solicitado polo alumno David Holguera (ANEXO 3).

### **d) Aprobación se procede dos programas formativos xerais das entidades colaboradoras (Impresos D3D4).**



Apróbanse por asentemento os programas formativos xerais das entidades colaboradoras.

**e) Elección de titores/as académicos e asignación de titor/a aos estudantes de prácticas do 2014/2015.**

Acórdase por asentemento a designación das seguintes titoras académicas de PAE:

- Módulo 1: Beatriz Comendador
- Módulo 2: Belén Riveiro (acepta en correo electrónico do 05/02/2015)
- Módulo 3: Teresa Rivas (única profesora da UVigo do módulo)
- Módulo 4: Beatriz Vaquero

Aprázase á seguinte reunión da CAM a asignación de titoras académicas aos estudantes en prácticas.

**4.- Rogos e preguntas**

Non hai rogos nin preguntas.

**ADENDA.- Aprobación, se procede, do reparto de recoñecementos de créditos en PDA para o curso 2015/2016.**



A PDA do curso actual incluía 330 h. (5 h. por cada materia de 3 créditos e sen horas presenciais para Prácticas nin para TFM)

Para o próximo curso a Comisión de Posgrao outorga 325 h., o cal implica unha redución de 5 h. presenciais, polo que habería que eliminar unha materia ou 5 horas presenciais repartidas entre varias materias.

A coordinadora propón presentar alegacións á Comisión de Posgrao solicitando que se asignen 330 horas para a elaboración da PDA. (ANEXO 4)

A profesora Mercedes Solla propón que en caso de que non se teña en conta esta alegación, se opte por eliminar unha hora en cada materia. A coordinadora resposta que quizais se poidan compensar con 5 horas da bolsa de recoñecementos.

Polo que respecta á bolsa de horas para recoñecementos ao profesorado para o próximo curso o total asignado é de 30 horas (fronte ás 15 do curso actual). A coordinadora propón asignar esas 15 horas á profesora Natalia Caparrini se ésta acepta participar como apoio nas tarefas de Calidade do mestrado. Aceptada a proposta pola profesora Natalia



Caparrini, apróbase por asentemento un reparto provisional que queda como segue (ANEXO 5):

Secretaría do mestrado:	5 h.
Prácticas:	5 h.
TFM:	5 h.
Apoio á Calidade:	15 h.

Sen máis remata a sesión

Ourense, a 5 de febreiro de 2015

A Coordinadora

Asdo. Beatriz Comendador Rey

A Secretaria



Asdo. Mª Beatriz Vaquero Díaz

#### DILIXENCIA

Para facer constar que esta Acta foi lida e aprobada na Comisión Académica do Máster en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural do día 25/02/2015.

A Secretaria,

Mª Beatriz Vaquero Díaz



## ANEXO 1: Estado da sinatura de convenios de colaboración educativa



**Convenios\_practicas\_mestrado\_HTCO3\_**

## ANEXO 2: Informe sobre solicitudes de convalidación de PAE



**Informe\_convalidación\_practicas\_2014\_2**

## ANEXO 3:



**Lista\_provisional\_asignacion\_centros\_pi**

## ANEXO 4: Alegacións PDA 2015/2016



**Alegacions\_PDA\_CAM\_05\_02\_2015.pdf**

## ANEXO 5: Táboa provisional de recoñecementos ao profesorado 2015/2016.



**Taboa\_provisional\_recoñecem\_Mestr\_Pa**